actividades para a clase actividades para a clase activida

para a clase actividades para a clase actividades

para a clase actividades para a clase actividades

para a clase actividades para a clase actividades para

clase actividades para a clase actividades para



PlanLector

rodeira

Data ......................

## 1. Comecemos por estudar a estrutura da obra.

A novela ábrese cunha pasaxe que serve de prólogo, e que non chega a ocupar a totalidade do capítulo primeiro, e péchase cun breve epílogo, que non ocupa a totalidade do último capítulo.

- Sinala, nos dous capítulos, onde empezan e acaban este prólogo e este epílogo.

- En que momento se sitúan? É un tempo diferente ao da acción da novela?

- Que función narrativa cres que cumpren? Consideras que son realmente necesarios?



## 2. No fondo da novela hai unha historia de pantasmas.

Respecto dos fenómenos sobrenaturais, na narrativa fantástica sempre existiron dúas tendencias contrapostas: unha defende que o autor debe crer nas pantasmas, pois un autor que non cre nelas dificilmente pode tomalas en serio como para escribir un relato eficaz. En cambio, a segunda tendencia defende exactamente o contrario: que é precisamente o autor que non cre nas pantasmas quen mellor escribirá sobre elas, pois a presenza da pantasma será para el unha auténtica transgresión, algo *contra natura* que, polo tanto, dará medo, mentres que o autor que cre nelas poderá presentalas como un fenómeno natural e as súas pantasmas non resultarán temibles.

Nome ......................

Data ..........

- Comenta con cal destas dúas posicións estás máis de acordo e por que.

- Cal cres ti que é o caso do autor desta novela? Razoa, na medida do posible, a túa resposta.

**3. Trata de definir o carácter e a maneira de ser das catro curmás do protagonista, e o que el descobre ou aprende de cada unha delas.•**



- Rosa

- Margarida

- Violeta

Nome ..........

Data

Nome

- Azucena

## 4. Detallemos un pouco máis os personaxes. No libro fálasenos dos gustos musicais dos distintos membros da familia.

- Relaciona cada personaxe co seu tipo de música preferida.

- Compara as características da música coas do personaxe. Cres que o autor utiliza os gustos musicais dos seus personaxes para axudarnos a coñecelos ou comprendelos mellor?

Data

## 5. Un último detalle sobre os personaxes: imos centrarnos en Violeta.

- Analiza a relación de Xabier e Violeta, e a súa evolución.

- Que papel cres que cumpren os libros nesta relación?

- Por que cres que Xabier comete torpeza tras torpeza cando fala coa súa curmá?



## 6. A novela está ambientada nunha época moi concreta e, nalgúns aspectos moi diferente da nosa. Sinala e comenta algunhas semellanzas e diferenzas entre aqueles anos e a actualidade.

Semellanzas

Nome

Data

Diferenzas

**7. Vexamos agora a ilustración: o ilustrador pecha algúns dos capítulos con pequenas ilustracións que acompañan o texto.**

- Comenta algunha destas pequenas ilustracións que che chamaran a atención.

- Que relación cres que gardan co texto?

- Consideras que son puramente decorativas ou que proporcionan algo á lectura? Xustifica a túa resposta.

Nome

Data

Nome

**8. Comenta a lectura que fai Xabier de *O vixía no centeo*. Xabier descobre que a literatura sempre oculta algo tras o texto inmediato e relaciónao coa vida, que sempre oculta máis cousas das que se ven a primeira vista. Relaciona este comentario cos feitos narrados no libro.**

**9. Fíxate no enfrontamento entre os Mendozas e os Obregóns.**

- Cres que na vida real un conflito non resolto entre dúas familias pode chegar a arrastrarse durante setenta anos? Razoa a túa resposta, fixándote, por exemplo, no capítulo 7.

- Na Biblia afírmase: «Os pecados dos pais caerán sobre os fillos ata a terceira xeración». Comenta a frase e trata de aplicala ao narrado na novela. Cres que esta afirmación pode ser certa noutras situacións? Por que?